

Estimada libreira, estimado libreiro

Temos para ti dúas categorías de distribución:

1.-Librarías Mecenás

Librarías que contan con todo o noso fondo editorial en depósito. No caso de librarías especializadas (cómic, outras) esta cantidade pode adaptarse.

Beneficiaste de todo isto:

- 50% de desconto
- Libros en depósito con dúas facturacións anuais (logo da campaña de Nadal e logo da campaña do verán). Podería haber facturacións extraordinarias en caso de presentacións ou outras situacións puntuais.
- De cada novidade enviaranse 5 en depósito. Dito depósito deberá manterse, como mínimo, 12 meses na librería e logo xa se poderá reducir a 1 unidade como mínimo. No caso de librarías especializadas (cómic, outras) só se enviarán novidades dos libros da súa especialidade.
- O logo da librería aparece na páxina de Mecenás no Clásico Ilustrado que publicamos cada ano.
- A librería recibirá produtos promocionais e de merchandising dos libros e produtos de Aira. A idea éxeneralizar estes complementos a case todos os nosos lanzamentos.
- Portes de envío por conta de Aira. Unha recollida gratuíta ao ano para os libros en depósito. As seguintes devolucións terían un custo fixo de 5 euros (+impostos), en factura.
- A librería ten prioridade na convocatoria de presentacións e outros actos de dinamización promovidos por Aira. Neste caso o envío é gratuíta e cobrarase pola recollida 5 euros (+impostos), en factura.
- Posibilidade de participar nalguna campaña especial, cun desconto do 60% por compra en firme dalgún título (sen dereito a devolución).
- A librería aparecerá como librería mecenás na páxina web de Aira e incluírase nas súas redes sociais de maneira preferente.

O que pedimos:

- Cota única de 100 euros (+ impostos). Pagarase anualmente, no mes de xaneiro. Esta cota dá dereito a todas as vantaxes das Mecenás Literarias (ver condicións na última folla).

- Revisión do depósito cada tres meses, para repor existencias dun xeito habitual que permita manter á vista o fondo de Aira.
- Axilidade nas comunicacións con métodos específicos que eviten demoras. Queremos estar perto das librarías que están perto de Aira.
- Domiciliación bancaria dos pagamentos.

2.-Librarías con pedidos puntuais

Enviaranse libros en compra en firme (sen portes para pedidos superiores a 120 euros) cun desconto do 40% con pago por adiantado e dereito a devolución nos tres meses seguintes. Os portes da devolución correrán por conta da librería.

Anexo. Condicións mecenado.

O mecenado incluirá:

- Tres exemplares do libro publicado.
- Unha lámina ilustrada ou postal (de edición exclusiva e numerada) baseada no universo creativo da obra e do autor das súas ilustracións.
- Cinco bolsas de algodón cunha ilustración orixinal do universo do libro.
- Pósters con deseño exclusivo.
- Desconto do 50% nos libros de Aira editorial mentres a librería sexa mecenas.
- Posibilidade de mercar inicialmente máis exemplares cun desconto superior. Esta oferta determinarase cada ano dependendo dos custes do libro editado.

Ademais, a librería mecenas:

- Figurará na páxina de créditos da obra.
- Terá acceso a unha carpeta virtual compartida onde poderá seguir o proceso evolutivo da obra e poderá ler, en primicia, avances dalgún dos relatos xa traducidos.
- Será informada de todas as novidades sobre o proceso de creación da obra.
- Poderá realizarse unha presentación da publicación se interesa